

# Bloque

O Rosal

Número 52. Epoca 1ª / Febreiro 2011

“ Creación de viveiros de empresas, promoción do turismo e comercio, impulso da industria agroalimentaria local... son compromisos do BNG para crear emprego no Rosal ”

Impreso postal sen enderezo

## Alberte Alonso encabeza a candidatura do BNG nas eleccións municipais

“Este alcalde, en vez de defender os veciños e veciñas, defende os intereses do seu partido” Alberte Alonso, candidato á alcaldía do Rosal



De esquerda a dereita: Noemí Lomba, Serafín Fernández, Alberte Alonso -candidato á alcaldía-, Carlos Villanueva, Noemí Baz e Eladio Fernández Portela

No BNG xa temos perfilado un equipo de traballo. Presentamos o pasado 26 de novembro, as seis primeiras persoas que integrarán a candidatura para as eleccións municipais que se celebrarán en maio.

No actual escenario de crise, o BNG

aposta por liñas políticas de creación de emprego. Nese sentido, apostamos pola creación de viveiros de empresas ligadas aos sectores produtivos locais, mediante a oferta de locais e medios adecuados e de baixa renda ás persoas emprendedoras. Pola creación de plans de promoción do turismo e do comercio local ou impulso da industria agroalimentaria local. Así mesmo, xestionará a construción do Polígono Industrial co fin de dar alternativas ás empresas da zona.

**A desfeita urbanística  
responsabilidade do alcalde e  
gobierno municipal**

No acto de presentación o candidato á alcaldía, Alberte Alonso Pereira,

criticou ao actual alcalde e goberno municipal do PP, ao que atribuíu a desfeita urbanística do concello. Denunciou que coa aprobación inicial do Plan Xeral, “poñen os recursos do Rosal en mans dos especuladores e dos amigos do diñeiro rápido e esquecen outros sectores e empresas con futuro no Rosal”.

Tamén lembrou que o alcalde actúa obedecendo aos seus superiores no partido e na Xunta, “en vez de defender aos veciños e veciñas do Rosal, defende os intereses do seu partido”. Alberte Alonso, puxo como exemplo que, fronte a petición do BNG de rexeitar o canon da auga, o alcalde apoiou a implantación do mesmo, negándose a rexeitar a nova Lei de Augas que finalmente aprobou o PP en solitario no Parlamento.

### Un equipo con capacidade para gobernar

A candidatura estará encabezada por Alberte Alonso Pereira, como candidato á alcaldía. Seguirano Carlos Villanueva Domínguez, licenciado en Bioloxía e profesor no Instituto de Tomiño; Noemí Baz, responsábel local de Muller no BNG e comercial de profesión; Serafín Fernández Portela, responsábel da CIG no Baixo Miño; Noemí Lomba, traballadora do Centro San Xerome Emiliani e Eladio Fernández Portela, actual concelleiro do BNG.



www.bng-galiza.org  
Edita: BNG O Rosal

## Balance traballo do **BNG** neste mandato municipal

O BNG é o único grupo no Rosal que, ao remate deste mandato municipal, dá conta do seu traballo. Fixémolo con charlas por todo o concello no ano pasado, de setembro a decembro e agora, tamén o facemos no boletín que regularmente editamos, de xeito resumido. Hai outros que só se preocupan de pedirvos o voto cada catro anos. Como vedes, o exercicio da política é diferente entre os distintos grupos e a ética política tamén.

## Apostamos por un Plan Xeral que recupere o territorio e o medio natural

O BNG foi o único grupo que presentou alegacións globais, ademais das parciais, á aprobación inicial do Plan Xeral. Non estamos de acordo coa idea do PP de definir O Rosal como “residencial”. É unha falacia. Este concello sempre foi eminentemente agrícola. Nós apostamos por potenciar este sector. Pola produción de alimentos de calidade rematando o ciclo produtivo no Rosal. Apostamos tamén, por protexer e pór en valor o territorio, o medio, o patrimonio... En definitiva, apostamos por darlle máis calidade de vida aos veciños e veciñas. É por iso que rexeitamos a aprobación inicial do Plan Xeral. A grave crise inmobiliaria na que nos atopamos, pon de manifesto as consecuencias de pór o territorio aos servizo dos especuladores.

## Traballamos por un concello máis seguro

Entre outros moitos, o maior logro do BNG neste mandato municipal e no relativo á seguridade vial é, sen dúbida, ter acadado o acordo de facer a rotonda de Couselo.

Hoxe xa ten orzamento e xa está licitada a obra. Só esperamos que se inicie a súa construción. Outra iniciativa importante do BNG, aprobada e con financiación para poder cumplimentala, é a próxima instalación de pasos de peóns elevados nas rúas principais do concello, como a rúa Ramón Franco e a saída cara a Fornelos.

## Queremos un servizo de pediatría diario

A defensa da sanidade pública de calidade é un dos eixos centrais da nosa acción política. No particular, temos demandado que o servizo de pediatría sexa diario e que se cubra a praza de matrona no Centro de Saúde. A Consellaría de Sanidade, do goberno do PP, negoulle eses servizos aos veciños e veciñas do Rosal. O alcalde só apoiou a nosa solicitude para lavarse a cara diante da cidadanía. Iremos traballar no noso goberno local para que este servizo se poña en marcha.



Carlos Villanueva, membro do Consello Local



Noemí Baz, Responsábel da Muller

## O **BNG** logrou o mantemento das escolas unitarias

O eixo das nosas iniciativas en educación está relacionado coa defensa do ensino público e de calidade. Así, solicitamos o mantemento da gratuidade dos libros de texto. O PP, co alcalde á cabeza rexeitou esta conquista do anterior goberno da Xunta de Galiza, participado polo BNG. Defendemos o mantemento das escolas unitarias en varias ocasións, contra os criterios da delegación de Educación que apoiaba o alcalde. Finalmente as nosas iniciativas, co apoio da comunidade escolar, saíron adiante.

## Un novo rueiro cos vellos topónimos

Malia a falta de vontade política do PP, por fin, despois de 16 anos de reivindicacións, acadamos que o rueiro do concello se actualizara e se lles puxera ás rúas os nomes que lles correspondían en base aos topónimos dos lugares. Tamén solicitamos que os equipos de expedición do DNI se volvan desprazar até o noso concello para renovar e expedir o documento de identidade. Reivindicamos un Auditorio novo e aprobouse por unanimidade a nosa solicitude. Finalmente o PP gastou un millón de euros botándolle un parche ao auditorio vello. Aínda así, foron as nosas proposta as que lograron mellorar as chapuzas do PP.

## O BNG defende o mantemento dos Centros de Información á Muller

Reclamamos contra o desmantelamento dos Centros de Información á Muller que pretende realizar o PP a partir do 2013, cando se deixen de percibir as subvencións europeas. É un servizo imprescindible que hai que manter. As mulleres maltratadas non poden ficar desamparadas en base a criterios exclusivamente económicos.



Alberte Alonso Pereira, candidato á alcaldía



Noemí Lomba, candidata do BNG

## O BNG é a única forza política que informa á veciñanza sobre o Plan Xeral e a Lei de Augas

Fomos o único grupo político que informamos a veciñanza sobre o Plan Xeral e as diferentes varas de medir que usa o PP para deixar urbanizar nuns lugares e non noutros; ou como este PXOM só serve para legalizar obras dos amigos do PP, como por exemplo, as casas de Ladaíñas, en Tabagón. Tamén o BNG foi o único grupo municipal que informou sobre a nova Lei de Augas que aprobou o PP en solitario. Sobre os novos impostos que crea e o inxustos que son coas traídas veciñais e municipal, que para a veciñanza do Rosal, vai supor nalgúns casos, subas na cota de até o 300%; ou de cómo o alcalde rexeitou unha proposta do BNG para solicitar da Xunta que retirara esta Lei por ser inxusta e por ter unicamente un fin recadatorio.

Reclamamos que todas as obras que o goberno local aprobe pasen polo pleno. O PP, porén, vai facer que aquelas que non figuran no orzamento municipal só pasen pola Comisión de Goberno, onde só eles teñen representación. Teñen algo que ocultar, pois gozan da maioría absoluta para poder aprobalas en pleno.

## Compromiso para mellorar as arcas municipais

As finanzas do Concello nestes últimos anos foron un desastre. Dixoo o Consello de Contas. O traballo do BNG consistiu en fiscalizar ao goberno neste eido. As finanzas leváronas tan mal, que o PP viuse obrigado a aprobar un Plan Económico Financeiro para os anos 2009-2010, co fin de equilibrar as contas. O desaxuste económico chegou aos 400.000 euros. A ninguén lle estraña. Pagaban o IVE dúas veces. O BNG conseguiu que se recuperaran 25.000 euros que o alcalde pagaba dúas veces en concepto de IVE, ás empresas que realizaban obras de saneamento.

## O nacionalismo demostra a súa capacidade para gobernar

O BNG, malia contar cun só concelleiro, constituiu a verdadeira alternativa do goberno neste mandato. Fomos os únicos que elaboramos propostas positivas para a veciñanza. Os únicos que amosamos un verdadeiro compromiso co pobo. O PP, pola contra, adicouse a improvisar, sen rumbo e a desaproveitar moitas das ideas que o BNG puxo enriba da mesa. O PP deixou claro que non ten ningún proxecto de presente nin de futuro para O Rosal. O BNG demostra día tras día a súa capacidade para gobernar e que O Rosal precisa dunha maior representación do BNG no Concello para que as cousas poidan ir moito mellor.

# O BNG busca un grande acordo que salve a caixa galega da privatización

O BNG retoma, máis unha vez, o papel protagonista no escenario político, social e económico na busca dun grande acordo, unha fronte que salve á caixa galega da bancarización e privatización á que pretenden condenala dende o Goberno do Estado, seguindo os ditados dos grandes especuladores mundiais.

Hai un ano, o BNG iniciou unha campaña que recabou os apoios de forzas sociais, políticas e mediáticas para evitar que o centro de decisión das caixas marchase do país e conseguíuno a través da súa fusión. Agora, nunha nova manobra, os poderes financeiros, coa complicidade do goberno do PSOE e do PP, están tratando de novo de rematar co carácter público e social da caixa galega e, tal e como indica o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, “non podemos permanecer impasíbeis ante esta nova ameaza”.

Guillermo advirte de que se trata dun “cambio nas regras do xogo por parte do Goberno do Estado”. “Estamos ante unha decisión política”, continúa, “e, nesa situación, o BNG defende o carácter público das caixas de aforro e que o seu centro de decisión debe seguir no noso país. Opoñémonos frontalmente ao intento de bancarización e é necesario que



Guillermo Vázquez na sinatura do manifesto en apoio á caixa única galega que impulsou o BNG

os partidos políticos, forzas sociais, sindicais e medios de comunicación fagamos fronte común para evitar ese novo intento”.

O BNG defende o carácter social das caixas, que o centro de decisión estea no noso país, ao servizo da economía galega e, dende logo, opoñémonos rotundamente á privatización. Neste sentido, tal e como lembra o portavoz nacional, “a sociedade galega foi quen de parar o primeiro asalto da privatización e, aínda que sexa difícil, debemos estar dispostos a parar este segundo asalto do Goberno”.

**“O BNG vai traballar para conseguir unha posición galega fronte á privatización das caixas”**

Ante esta situación, o BNG vai iniciar unha rolda de contactos con forzas políticas, con forzas sociais, para explicar a nosa posición e recabaremos a resposta dos demais nunha liña de acadar unha fronte galega diante desta decisión do Goberno de privatizar as caixas.

“Unha posición galega –engade Guillermo Vázquez– na que deberían estar todas as forzas políticas e sociais dicindo non á privatización e si ao mantemento da caixa”.

**“Feijóo debe fixar a súa posición fronte a esta nova agresión á caixa galega”**

Guillermo salienta que “o BNG non permanecerá pasivo nin resignado fronte a este intento goberamental e esperamos que haxa unha resposta positiva das forzas políticas, sindicais e empresariais, de toda a sociedade galega”.

“A empezar -asegura- polo presidente da Xunta que debería fixar xa a súa posición fronte a esta nova agresión á caixa galega de aforros, unha entidade tan importante para que a economía galega poida acceder ao creto que tanta falta lle fai”.

### Como contactar co BNG do Rosal:

orosal@bng-galiza.org

**Sede Comarcal:** Telf. 986.609.009 - Fax 986.609.001  
baixominho@bng-galiza.org

### Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.  
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850  
www.bng-galiza.org  
nacional@bng-galiza.org

